

modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 4 de xuño de 2003.

Domingo Docampo Amoedo
Rector da Universidade de Vigo

Resolución do 4 de xuño de 2003 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de física aplicada, do departamento de Física Aplicada, a Manuel Martínez Piñeiro (praza 88/2001).

Consonte coa proposta formulada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por resolución desta universidade do 5 de novembro de 2001 (BOE do 26), para a provisión dunha praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de física aplicada, do departamento de Física Aplicada, a prol de Manuel Martínez Piñeiro, con documento nacional de identidade número 36118036-D, e cumprindo o interesado os requisitos do punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Manuel Martínez Piñeiro profesor titular de universidade da área de coñecemento de física aplicada, do departamento de Física Aplicada.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Non obstante, os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá interpo-lo recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 4 de xuño de 2003.

Domingo Docampo Amoedo
Rector da Universidade de Vigo

Resolución do 18 de xuño de 2003 pola que se aproba a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos nas probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior de microscopía electrónica, vacante no cadro de persoal laboral desta universidade, convocada por Resolución do 12 de setembro de 2002.

Por resolución do rectorado desta universidade do 12 de setembro de 2002 (DOG do 3 de outubro/BOE do 7 de outubro) convocáronse probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico superior de microscopía electrónica, vacante no cadro de persoal laboral desta universidade.

Por Resolución do 6 de novembro de 2002 (DOG do 27 de novembro) fíxose pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para a provisión das prazas anteriormente citadas.

Rematado o prazo de emenda dos motivos de exclusión ou omisión establecido na base 4ª da convocatoria e feitas as rectificacións oportunas.

Este rectorado resolveu:

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión da causa de exclusión, ás citadas probas. A lista completa de aspirantes figurará exposta no taboleiro de anuncios do rectorado (rúa Oporto, nº 1, Vigo) e nos rexistros dos campus de Ourense (unidade administrativa, Campus As Lagoas s/n, Ourense), Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais, Campus A Xunqueira s/n, Pontevedra) e As Lagoas, Marcosende (C.A.C.T.I., Campus As Lagoas-Marcosende, Vigo).

Segundo.-Convoca-los aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o día 28 de xuño de 2003, ás 10.00 h na sala de graos do C.A.C.T.I. (Campus As Lagoas-Marcosende, Vigo).

Os aspirantes deberán ir provistos do documento nacional de identidade para a súa debida identificación, lapis do nº 2, goma de borrar e bolígrafo.

Terceiro.-Establecer un prazo de tres días hábiles a partir do seguinte ó da realización deste exercicio para reclama-lo seu cuestionario.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa publicación

no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Os interesados poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución, ante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso, non caberá interpo-lo recurso antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de conformidade co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 18 de xuño de 2003.

Domingo Docampo Amoedo
Rector da Universidade de Vigo

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DEZ DA CORUÑA

Edicto (297/2002).

Enriqueta Roel Penas, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia nº 10 da Coruña, certifico que nos autos seguidos neste xulgado por instancia de Josefa Vázquez Anido, contra Manuel Seoane García, sobre demanda de divorcio nº 297/2002, se dictou providencia do 23 de decembro de 2002 e, para a notificación da sentenza ó demandado rebelde, acordouse expedi-lo seguinte edicto:

«Sentencia.

Na Coruña o 6 de febreiro de 2003.

Vistos por Ángel Barrallo Sánchez, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia nº 10 da Coruña e o seu partido, os presentes autos de divorcio seguidos neste xulgado co nº 297/2002, por instancia de Josefina Vázquez Anido, representada pola procuradora Sra. García-Boente Alonso e defendida pola letrada Sra. Martínez Fernández, sendo parte demandada Manuel Seoane García, declarado en situación legal de rebeldía,

Decido que, estimando a demanda interposta pola procuradora Ana García-Boente Alonso, debo declarar e declaro a disolución por divorcio do matrimonio constituído por Manuel Seoane García e Josefina Vázquez Anido, celebrado en Carballo o 2 de setembro de 1951, cos efectos legais que isto leva consigo.

Sen imposición de custas.

Notifíqueselle ó demandado rebelde, Manuel Seoane García, na forma prevista legalmente.

Contra esta resolución cabe interpor recurso de apelación, que se interporá por escrito ante este mes-

mo xulgado no termo de cinco (5) días desde a súa notificación.

Unha vez firme esta sentenza, comuníquesele ó Rexistro Civil correspondente, para os efectos de practica-las anotacións pertinentes.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.»

E para que conste e sirva de notificación da sentenza ó demandado rebelde Manuel Seoane García, expido este edicto na Coruña o 22 de maio de 2003.

A secretaria xudicial
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

Edicto (784/2002).

Ana María Carrasco García, secretaria do Xulgado do Social número 4 da Coruña, dá fe e certifica que, neste xulgado se seguen autos número 784/2002, por instancia de Ramiro Fernández Rivera contra *Import-Leman, S.L.*, sobre salarios nos que se dictou sentenza con data do 15-5-03 que, copiada nos particulares necesarios, di así:

«Decido que, estimando a demanda promovida por Ramiro Fernández Rivera, contra *Import-Leman, S.L.*, debo condenar e condeno a demandada a que aboe á demandante a cantidade de 5.030,55 euros por tódolos conceptos reclamados na demanda. Así, por esta mi sentenza, contra la que se poderá recorrer en suplicación perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de cinco días contados a partir do seguinte ó da súa notificación, anunciando o propósito de presentalo mediante comparecencia ou por escrito, é indispensable que ó tempo de anunciálo, o recorrente, se é empresario, exhiba ante este xulgado do social o comprobante de ter depositado na conta, aberta en *Grupo Banesto (Banco Español de Crédito, S.A. e Banco de Vitoria, S.A.)*, co número 5.6050000 60 0784 02, a cantidade obxecto de condena; poderá substituírse a consignación en metálico polo aseguramiento mediante aval bancario, no que deberá facerse consta-la responsabilidade solidaria do avalista, requisito sen o cal non se poderá ter por anunciado o recurso e quedará firme a sentenza. Deberase consignar, ademais, a cantidade de 150,25 euros na mesma conta 5.605 0000 65 0784 02 e entrega-lo comprobante na secretaría ó tempo de interpoñe-lo recurso, que se declarará desistido de non constituírse o dito depósito na forma indicada. Definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.»

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que sirva